



Variedades de millo forraxeiro avaliadas en Galicia (2021)

Neste estudo recóllese a actualización do ano 2021 das características produtivas e nutricionais das variedades comerciais de millo forraxeiro que foron analizadas polo Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM).

María José Bande Castro
Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM)
Agacal, Xunta de Galicia

O millo forraxeiro ensilado é na actualidade a base da ración da maioría das explotacións gandeiras de vacún de leite e resulta unha opción produtiva relevante debido á súa elevada produtividade, ao seu alto valor enerxético e á súa fácil ensilabilidade.

Galicia destaca como a primeira comunidade autónoma tanto por su-

perficie coma por produción no cultivo de millo forraxeiro para ensilar, o que pon de manifesto a importancia que ten este cultivo nas explotacións gandeiras galegas; de feito, en moitas delas é a única forraxe presente na ración *unifeed* que lle dan ao rabaño.

Dende hai anos, as empresas produtoras de sementes de millo, debido á importancia do cultivo no sector agrario e á diversidade de condicións climáticas nas que se cultiva, traballan na mellora xenética para obter novos híbridos. Buscan millos cun elevado contido en amidón (fonte principal de enerxía) e, sobre todo, cunha elevada dixestibilidade da parte verde, pois

no ensilado recóllese a planta enteira e entre o 50 e o 60 % da materia seca procede dos seus compoñentes verdes: talos, follas e espátas. Con frecuencia, as variedades salientan por incrementos significativos do rendemento, pola prolongación do seu verdon (*stay green*) e pola mellora da calidade do cultivo.

Non obstante, as variedades obtidas mediante a mellora xenética poden ter uns resultados diferentes aos acadados nos países de orixe cando se cultivan en Galicia debido á singularidade das características edafoclimáticas. Por iso, no ano 1999 estableceuse en Galicia unha rede de avaliación de variedades comerciais de millo forraxeiro, co obxectivo de dispor de información válida sobre o rendemento e calidade do cultivo, o que permite aconsellar os agricultores e gandeiros da comunidade á hora de elixir a variedade ou variedades que deben sementar.

Cada ano realízanse ensaios en campos experimentais sementados en catro localidades, situadas nas comarcas rurais de maior produción de millo forraxeiro, que abranguen tamén zonas xeográficas distintas: 1) A Mariña Oriental (nordeste de Lugo), 2) Sarria (centro-sur de Lugo), 3) Deza (nordeste de Pontevedra) e 4) Ordes (centro da Coruña). Estes ensaios repítense ano tras ano coa inclusión de variedades novas, que substitúen a aquelas que foron avaliadas polo menos durante dous anos. Así mesmo, analízanse anualmente todos os datos dispoñibles desde 1999 polo método estatístico de mínimos cadrados, incorporando os novos, de modo que cada variedade avaliada se pode comparar con todas e cada unha das restantes.

Dado que o 70 % dos custos de produción do cultivo do millo para ensilar son fixos, para aumentar a rendibilidade do cultivo é moi importante elixir ben a variedade que ha de sementar. Tanto a preparación do terreo coma os tratamentos fitosanitarios previos non dependen da produción esperada nin do valor nutritivo da forraxe



obtida, polo que, a medida que aumentamos a produción por hectárea, diminúe o custo total por quilogramo de materia seca.

No ano 2020 o CIAM avaliou, coma cada ano, **33 variedades enviadas polas casas comerciais de sementes**, usando un deseño de bloques ao chou con tres repeticións.

A metodoloxía de avaliación inclúe distintos pasos: preparación concienzuda da cama de sementeira, toma de mostra de solo para análise físico-química completa, cálculo da dose de fertilizante, fertilización, aplicación de fitosanitarios (insecticida e herbicida), delimitación das parcelas, sementeira manual cunha densidade inicial de 180.000 plantas ha⁻¹, rareo manual para deixar 90.000 plantas ha⁻¹ e control da data de floración feminina, das

alturas e da produción de cada variedade en cada repetición.

A colleita realízase no momento en que o estado medio das mazarocas das tres repeticións acada o estado pastoso-vítreo (liña de leite a 1/3-1/2 do ápice), pois preténdese facer colleita de cada variedade no momento óptimo recomendado para ensilar. Isto obriga a levar a cabo unha recollida progresiva e graduada das variedades durante aproximadamente un mes e medio, o que implica realizar ata tres controis semanais, e demanda moita man de obra e desprazamentos aos lugares de ensaio.

As mostras de millo despois da colleita envíanse ao laboratorio, onde se determina o contido en materia seca en estufa, e o seu valor nutritivo mediante a recollida de espectros no NIRS (espectrofotómetro de reflectancia no infravermello próximo).

Os resultados obtidos publícanse anualmente nun díptico informativo, que se distribúe entre cooperativas agrarias e agricultores individuais a través das oficinas agrarias comarcais,

e tamén está dispoñible na páxina web: <http://www.ciam.gal>.

A información necesaria para unha boa escolla da variedade a usar, en función das condicións de cada gandeiro para cada sementeira, expónse nas táboas 1 e 2; pode darse o caso de que un mesmo gandeiro pode elixir distintas variedades para diferentes parcelas. As consultas sobre a escolla de variedades a sementar persegue unha maior profesionalización das explotacións, unido a ensilar mellor, é dicir, que a colleita teña lugar no momento óptimo de maduración (gran pastoso-vítreo).

Os resultados aparecen divididos en dúas táboas: táboa 1, na que se atopan as variedades que, polo menos, foron avaliadas durante dous anos e, polo tanto, con datos de maior fiabilidade, e a táboa 2, na que se atopan aquelas variedades cun só ano de experimentación na rede, polo que os resultados se consideran provisionais, dado que un só ano non é suficientemente significativo para facer unha avaliación acertada. ▶

Variedades maíz Xesga 2021

**ES ARMANDI**

Ciclo 500

ES ZOOM

Ciclo 400

Nº 1

N.º 1 en red de ensayos oficiales

ES DEBUSSY

Ciclo 350

Híbrido que confirma por segundo año muy buenos datos en ensayos de Mabegondo. IP 132 con una digestibilidad del 73%

ES METHOD

Ciclo 300

Alto grado de satisfacción 2018-2019-2020

ES PALLADIUM

Ciclo 260

NOVEDAD

Tratamientos semilla: OptiCoat+ Korit 420 FS

SANTA COMBA
981 880 972LALÍN
986 792 373CARBALLO
981 701 444TEIXEIRO
981 789 493MUIENTA
982 528 114MILLADOIRO
981 941 794**Visítanos en**
www.xesga.net
f XESGA

Distribuido por:

AGV maïs

Con la garantía de

**EURALIS**

Táboa 1. Resultados das variedades con dous ou máis anos de avaliación

Variedade	Días S-C (días)	Altura (cm)	Espiga (% MS)	RMS (t/ha)	RMOD (t/ha)	IP	DMO (%)	PB (% MS)	Anos	Comercial
AVENTICUM	116	283	46,6	21,5	14,9	112	71,8	6,4	2	FITÓ
BARCELOS	116	262	50,2	20,0	14,1	106	73,1	6,9	2	PROCASE
CODIBLUES	116	272	49,5	21,9	15,2	114	72,0	6,4	2	BATLLE
KOMPETENS	116	256	54,5	20,0	14,0	105	72,4	6,6	2	KWS
AMADEO	118	255	54,3	20,0	13,9	105	72,3	7,0	2	KWS
GRIZZLY	118	269	53,1	21,2	15,1	114	74,0	6,8	2	AGROMUNDO
DKC 3390	119	271	52,6	19,9	13,9	105	72,7	7,1	6	MONSANTO
ES ALBATROS	119	274	54,2	21,7	14,9	112	71,4	6,6	2	AGV-XESGA
MALTON	119	251	55,0	17,4	12,0	90	71,8	7,2	2	BATLLE
ARECIBO	120	263	49,7	20,3	14,0	106	72,0	6,9	2	PROCASE-DFV
BARSA	120	274	53,5	20,0	13,3	100	69,9	6,8	2	BLUE Semences
ES BOMBASTIC	120	268	52,9	21,3	14,5	109	70,9	6,9	2	EURALIS
LG 31.276	120	281	48,8	22,9	16,0	120	72,7	6,1	2	LG
LG 31.388	120	264	46,5	22,2	15,7	118	73,7	6,5	2	LG
MAS 40.F	120	290	46,1	26,0	17,9	135	71,7	5,9	2	MAS Seeds
PHARAO	120	243	52,0	18,6	12,6	95	70,8	6,8	6	ADVANTA
QUATRO	120	263	51,4	21,0	14,6	110	72,1	6,6	3	BATLLE
RGT AFIXX	120	266	52,6	21,1	14,6	110	71,8	6,9	2	RAGT
DARIDOR	121	263	49,7	19,3	13,6	102	72,9	6,6	3	BATLLE
ES TOLERANCE	121	274	51,6	20,2	13,9	104	71,2	7,2	2	AGV-XESGA
ES WATSON	121	280	49,9	23,0	16,3	122	73,4	6,7	2	EURALIS
FENELON	121	275	49,7	22,3	15,9	119	74,0	6,6	2	WAM
JULIETT	121	274	51,3	20,9	14,8	112	73,9	6,9	2	LG
MAS 33.F	121	289	44,8	23,9	16,4	123	71,0	6,0	2	MAS Seeds
MEXICANA	121	262	51,0	20,0	14,1	106	73,1	6,7	2	PANAM
SUNMARK	121	242	49,5	20,7	14,4	108	72,3	6,7	2	ROCALBA
DYNAMITE	122	273	52,7	20,0	13,3	100	69,2	7,0	5	MAS Seeds
FORVIA	122	268	51,4	20,8	14,2	106	70,8	6,8	2	BLUE Semences
LUCAM	122	250	54,2	19,8	13,8	104	72,6	6,7	2	EUROARESPA SL
BACKARI	123	276	51,1	20,8	14,3	108	71,6	6,7	2	AGROEUME
DKC 4071	123	281	48,3	24,6	17,3	130	73,1	6,2	2	MONSANTO
ES METHOD	123	291	49,1	22,1	15,1	114	71,2	6,3	2	AGV-XESGA
ES PEPPONE	123	285	48,3	24,3	16,9	127	72,4	6,5	2	EURALIS
FORTIM	123	272	50,7	20,3	13,9	105	71,5	6,7	2	EUROARESPA SL
IZABAL	123	278	49,2	21,4	14,7	111	71,2	6,8	2	PANAM
MAS 24.C	123	269	51,7	22,7	15,7	118	72,0	6,3	2	MAS Seeds
SUFAVOR	123	268	48,7	20,9	14,4	108	71,8	6,9	2	ROCALBA
SURREAL	123	270	52,5	22,0	15,0	113	70,8	6,6	2	ROCALBA
SUSANN	123	270	49,7	20,6	14,2	107	71,7	7,0	2	ROCALBA
TALINA	123	269	52,1	20,5	14,4	108	72,8	6,8	2	AGROMUNDO
AGV 4308	124	276	49,6	23,4	16,7	125	74,1	6,6	2	AGV-XESGA
DKC 4117	124	262	51,5	21,1	14,9	112	73,1	6,6	2	MONSANTO
KIDEMOS	124	264	48,7	22,0	15,5	117	73,4	6,2	2	KWS
LG 31.295	124	262	46,1	23,6	16,8	126	74,4	6,3	2	LG
LIVORNO	124	284	47,6	22,5	15,6	117	72,1	6,3	2	FITÓ
CODIGREEN	125	263	51,9	20,3	14,2	106	72,4	6,7	2	CODISEM
KENOBIS	125	288	46,2	23,8	16,7	125	72,8	6,3	2	KWS
PESANDOR	125	269	52,6	22,1	15,1	113	70,6	6,2	2	KWS
SIMPATICO KWS	125	286	50,8	23,7	16,5	124	72,3	6,4	2	KWS
SY ZEPHIR	125	272	48,9	22,5	15,6	117	71,6	6,6	2	SYNGENTA
BENICIA	126	278	52,2	21,1	14,0	105	69,3	6,1	5	PIONEER
CHAMBERI	126	273	49,8	23,9	16,8	126	73,0	6,7	2	AGROEUME
DEL RÍO	126	262	52,2	20,4	14,3	107	72,6	6,7	2	PROCASE
DKC 4114	126	264	53,6	21,1	14,5	109	71,7	6,4	2	MONSANTO
MT-MOLOSS	126	282	45,4	22,7	15,6	117	71,4	6,4	2	PANAM
SY ORPHEUS	126	284	49,1	23,0	15,6	117	71,4	6,1	2	SYNGENTA
ARKADI	127	267	50,8	21,3	15,0	113	73,3	6,9	2	AGROEUME
HUXTOR	127	286	49,0	22,1	15,2	114	71,1	6,5	2	RAGT
MARCELLO	127	268	52,8	20,6	14,1	106	71,2	6,7	2	KWS
RGT CONEXION	127	278	49,6	23,1	16,0	121	72,0	6,3	2	RAGT

Táboa 1. Resultados das variedades con dous ou máis anos de avaliación (continuación)

Variedade	Días S-C (días)	Altura (cm)	Espiga (% MS)	RMS (t/ha)	RMOD (t/ha)	IP	DMO (%)	PB (% MS)	Anos	Comercial
AGROSTAR	128	280	49,6	21,6	14,3	107	68,9	6,7	4	EURALIS
DKC 4621	128	270	50,6	24,0	17,0	128	73,8	6,1	3	MONSANTO
MAS 35.K	128	271	51,3	22,1	15,2	115	71,8	6,9	2	MAS Seeds
SIRICUS	128	266	48,3	21,3	14,9	112	72,5	6,3	2	AGROMUNDO
FILAE	129	274	46,2	24,3	17,2	129	73,7	5,6	2	SOUFFLET Seeds
KANU	129	275	51,6	21,4	14,4	108	70,1	6,5	2	BC
CLARICA	130	261	54,1	19,6	13,2	99	70,8	6,6	5	PIONEER
ELZEA	130	278	53,4	19,3	13,0	98	70,1	6,4	2	PANAM
ES BOOMER	130	298	48,6	24,2	16,6	125	71,1	6,2	2	AGV-XESGA
MANACOR	130	276	51,0	21,6	14,7	111	71,0	6,3	3	FITÓ
ANADON	131	263	47,8	22,6	15,8	119	72,7	6,4	2	PROCASE
BC 418 B	131	282	47,2	23,4	16,2	122	72,1	6,3	2	BC
KWS ROMERO	131	288	49,0	23,9	16,7	125	72,5	6,3	2	KWS
LG 33.85	131	273	51,0	23,1	15,8	119	71,1	6,4	3	LG
MARTELI	131	268	48,9	21,8	15,1	114	72,0	5,9	2	CAUSSADE
PESCALI	131	274	48,0	24,1	16,9	127	73,0	5,7	2	CAUSSADE
RULEXX	131	273	52,4	23,3	16,1	121	71,9	6,4	2	RAGT
WAMGAL	131	295	50,1	23,2	15,5	116	69,2	5,8	2	WAM
BC 406	132	274	50,6	23,5	16,2	122	71,6	6,8	2	BC
BUCKLEY	132	272	50,0	22,2	15,5	117	72,6	6,2	2	ADVANTA
DKC 4608	132	272	53,2	21,8	15,2	114	72,5	6,0	2	MONSANTO
DS 0747	132	270	50,1	21,3	15,0	113	73,4	6,6	2	PROCASE
DS 1592	132	291	49,1	26,7	18,6	140	72,6	6,1	2	PROCASE-DFV
LG 30.444	132	281	51,7	23,8	16,7	126	73,4	6,3	2	LG



Descubre nuestra gama de semillas en:
www.semillaswam.com

BIORADIS SOLEX
PARA APLICAR CON
HERBICIDA DE
PREEMERGENCIA

BIORADIS SOLEX
LAS MICORRIZAS QUE
MEJORAN LA PRODUCCIÓN Y
LA CALIDAD DE LOS CULTIVOS



DISTRIBUIDOR DE:



SEMBRANDO FUTURO

FENELON
ZP 299
NS 3022
NS 3023
ZP 4007
TOPOLA
AS5M11
AS 144 S
NS 5051
HARIS NS
AS 170
ZP 606



WAMESTRADA S.L.L. Zona industrial de Toedo - 36680 A Estrada, Pontevedra Telf. 986572445 info@semillaswam.com

Táboa 1. Resultados das variedades con dous ou máis anos de avaliación (continuación)

Variedade	Días S-C	Altura	Espiga	RMS	RMOD	IP	DMO	PB	Anos	Comercial
	(días)	(cm)	(% MS)	(t/ha)	(t/ha)		(%)	(% MS)		
DA SCIPIO	133	272	51,8	21,4	14,9	112	72,3	6,4	2	PROCASE
DEVOLVI	133	278	49,5	22,8	16,0	120	73,0	6,4	2	AGROEUME
ES DEBUSSY	133	270	48,2	25,0	17,5	132	73,3	5,8	2	AGV-XESGA
ES SENSOR	133	284	52,3	22,9	16,0	120	72,3	6,1	2	EURALIS
ES ZOOM	133	282	48,4	24,0	16,9	127	72,7	5,7	2	AGV-XESGA
HOTSPOT	133	260	53,5	24,4	17,3	130	73,9	6,1	2	SOUFFLET Seeds
MAS 49.G	133	278	53,4	22,4	15,4	116	71,6	6,7	2	MAS Seeds
ZP 305	133	278	49,6	22,1	14,8	111	69,8	6,5	2	WAM
AAPOTHEOZ	134	287	51,0	23,7	16,8	126	73,8	5,9	2	ADVANTA
LG 30.369	134	254	51,9	21,0	14,9	112	73,9	6,3	2	LG
MAMILLA	134	281	50,6	23,6	16,2	122	71,0	6,6	2	CAUSSADE
NS 3022	134	270	51,5	23,0	16,0	121	72,4	6,4	2	WAM
ES ANAKIN	135	290	48,9	25,4	17,9	134	72,9	5,7	2	EURALIS
ES HORNET	135	295	49,7	24,6	17,2	129	72,4	5,9	2	EURALIS
QUERCI	135	271	50,8	23,3	16,5	124	73,5	6,0	2	CAUSSADE
ROBERI	135	261	48,3	22,8	16,0	120	72,8	5,9	2	CAUSSADE
SYTRIADE	135	294	51,5	24,5	17,1	129	72,7	5,8	2	SYNGENTA
URBANIX	135	273	51,6	24,6	17,3	130	73,2	6,0	2	RAGT
DS 1609 E	136	279	48,9	22,9	16,1	121	72,8	5,9	2	PROCASE
SANDRO	136	304	48,9	26,0	18,5	139	73,6	6,3	2	KOIPESOL
SY SENKO	136	283	47,9	22,6	15,8	119	72,7	5,7	2	KOIPESOL
BC 525	137	270	46,7	23,1	16,0	121	72,1	6,3	2	BC
NS 3023	137	282	49,4	23,4	16,0	121	71,0	6,2	2	WAM
FREEMAN	139	277	49,3	25,7	18,0	135	72,7	6,1	2	MAS Seeds
SY GIBRA	139	286	51,6	26,9	19,3	145	74,5	6,0	2	SYNGENTA
COURTNEY	141	277	48,3	22,6	15,4	116	70,9	6,1	2	ADVANTA
ELDORA	144	289	47,7	22,6	15,1	114	69,8	6,6	2	PANAM
CV (%)	3,3	4,0	6,3	8,4	9,1		1,9	5,8		
DMS (5 %)	8	6	1,6	0,9	0,7	5	0,7	0,2		

Táboa 2. Resultados das variedades cun só ano de avaliación

Variedade	Días S-C	Altura	Espiga	RMS	RMOD	IP	DMO	PB	Comercial
	(días)	(cm)	(% MS)	(t/ha)	(t/ha)		(%)	(% MS)	
ES PALLADIUM	117	296	49,0	23,0	16,1	121	72,7	6,4	AGV-XESGA
ALANO	120	266	45,7	19,5	13,3	100	71,2	6,1	PROCASE
BC 306	120	273	46,2	22,3	15,4	116	72,1	6,5	BC
OTIS	120	271	46,4	20,9	14,6	110	73,0	6,8	BATLLE
VOLOS	120	283	51,6	24,5	17,2	129	72,6	6,3	FITÓ
SY INFINITE	121	277	45,8	24,9	17,3	130	72,2	5,8	KOIPESOL
LG 31.390	126	294	49,8	23,8	16,6	125	72,3	6,2	LG
ALFUBEL	127	272	49,4	24,4	17,2	129	73,1	5,9	PANAM
GLORIFI	127	275	48,5	22,5	15,7	118	72,6	6,2	CAUSSADE
JOURNEY	127	289	45,4	23,8	16,5	124	72,3	6,0	ADVANTA
PIXARI	127	276	46,3	22,5	15,7	118	72,6	5,7	CAUSSADE
RGT EXEMPLAIR	127	284	47,0	23,9	16,4	124	71,8	5,6	RAGT
RGT NOEMIXX	127	277	49,1	25,4	18,0	135	73,7	5,9	RAGT

Débese ter en conta que os datos de rendemento serven para comparar unhas variedades con outras, pero non son aplicables para estimar a produción real. Os resultados presentados obtivéronse en condicións óptimas de coidados de cultivo, en pequenas parcelas experimentais, polo que os rendementos obtidos son moi superiores aos que se poden obter

nunha parcela real de cultivo dunha explotación.

INTERPRETACIÓN DAS TÁBOAS

A continuación, detállanse os datos agronómicos de cada variedade citados nas táboas:

Días s-c. Este valor é un índice do ciclo ou precocidade de maduración, é dicir, os días que transcorren entre a

sementeira e a colleita para ensilar na zona máis fría das estudadas, que é a comarca de Ordes, é dicir, con menor integral térmica. Nas zonas con maior integral térmica, temperaturas máis altas no verán, débese restar uns 15 días á cifra da táboa.

Altura. Altura total da planta. Unha variedade de elevada altura pode ter maior probabilidade de encamado sobre todo nunha zona de fortes ventos.

Espiga. Porcentaxe que representa a mazaroca (carozo+gran) sobre o rendemento en materia seca, compoñente moi relacionado coa calidade nutricional da forraxe.

RMS. Expresa rendemento total da planta enteira en toneladas de materia seca por hectárea.

RMOD. Rendemento da planta enteira en toneladas de materia orgánica dixestible por hectárea. Considérase o dato máis importante para avaliar o rendemento dunha variedade, xa que recolle a produción de alimento aproveitable polo animal, é dicir, a parte da materia seca que o animal dixere efectivamente.

IP. Índice produtivo. É a porcentaxe que representa o rendemento de cada variedade en materia orgánica ➤

La gama de maíz más productiva de Galicia Nº1 en Ciam-Mabegondo 2020



ES BERLIOZ



Nuevo tratamiento OptiCoat+



NEW ES ZAPOTEK

FAO 500 ES ARMANDI

ES ZOOM
FAO 400 ES ANAKIN
ES BERLIOZ

FAO 350 ES DEBUSSY

FAO 300 ES HORNET
ES METHOD

FAO 280 ES WATSON

FAO 260 ES PALLADIUM
ES BOMBASTIC

EURALIS
Creating seeds and trust

UNA MARCA **Lidea**

dixestible sobre a media do rendemento das testemuñas “Agrostar”, “Clarica” e “Pharaon” (13,3 t/ha MOD), ao que se lle outorga o valor 100 para cada campaña. Este permite de xeito rápido ver aquelas variedades que superan a media das testemuñas, facilitando a selección das variedades máis produtivas.

DMO. Dixestibilidade in vitro da materia orgánica. Ademais da produción de materia orgánica dixestible por hectárea, é importante a dixestibilidade da ración, dado que inflúe noutros parámetros da alimentación, pois dúas variedades poden ter un similar RMOD, ben debido a unha alta produción de materia seca por hectárea cunha baixa dixestibilidade, ben debido a unha menor produción de materia seca cunha dixestibilidade maior, e non son equivalentes ambas as dúas producións.

PB. Proteína bruta, en porcentaxe sobre o rendemento en materia seca, determinada polo NIRS. Aínda que o millo non achega todo o contido proteico necesario para unha ración, hai diferenzas significativas entre as variedades estudadas.

Anos. n.º de anos nos que a variedade foi ensaiada.

Comercial. Entidade comercializadora da variedade.

CV (%). Coeficiente de variación. É un índice da calidade estatística dos experimentos; canto máis baixo, mellor.

DMS (5 %). Diferenza mínima significativa. É a menor diferenza que debe haber entre dúas variedades para que poidan considerarse diferentes cunha probabilidade do 95 %.

ELECCIÓN DA VARIEDADE

A mellor variedade en sentido absoluto non existe. Débese sementar unha variedade que posúa as carac-

Tabla 2. Resultados das variedades cun só ano de avaliación (cont.)

Variedade	Días S-C (días)	Altura (cm)	Espiga (% MS)	RMS (t/ha)	RMOD (t/ha)	IP	DMO (%)	PB (% MS)	Comercial
SYBILBAO	127	296	46,5	26,0	18,4	139	73,6	6,1	SYNGENTA
BC 415	133	271	46,0	23,9	16,5	124	71,7	6,4	BC
DS 1916 E	133	286	48,1	24,0	16,8	127	72,8	6,3	PROCASE-DFV
ES BERLIOZ	133	286	47,8	28,1	19,4	146	71,5	6,2	EURALIS
ZP 299	133	266	48,8	24,6	17,4	131	73,6	6,6	WAM
DS 1357 E	140	285	49,5	26,4	18,5	139	72,6	6,6	PROCASE
CV (%)	3,3	4,0	6,3	8,4	9,1		1,9	5,8	
DMS (5 %)	8	6	1,6	0,9	0,7	5	0,7	0,2	

terísticas máis axeitadas e que sexa capaz de dar a máxima produción en MOD e calidade nas condicións de cada explotación.

O máis importante para a correcta elección da variedade é axustar o ciclo do millo á zona e ó momento da sementeira, é dicir, definir os **días transcorridos entre a sementeira e a colleita (días s-c)**. Isto virá dado pola data na que queiramos sementar, condicións climáticas da zona xeográfica onde se desenvolva o cultivo, alternativa forraxeira, condicións da explotación e data prevista de colleita.

Unha vez coñecido o intervalo de precocidade (días s-c) que se pode utilizar na explotación, e dado que o obxectivo será obter o maior rendemento de alimento aproveitable por unidade de superficie, escolleremos aquela variedade con maior **IP**. No caso de IP moi semellantes deberemos atender a outros parámetros, como poden ser a porcentaxe de mazaroca, dixestibilidade da materia orgánica ou proteína bruta.

Para obter unha boa rendibilidade do cultivo de millo forraxeiro, debemos ter en conta, ademais, outros factores coma a calidade da semente, as prácticas de cultivo empregadas, momento óptimo de colleita e a técnica de ensilado.

REDE DE ENSAIOS EN COLABORACIÓN

- Departamento de Investigación e Transferencia (Agacal)
- Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM)
- Servizo de Sanidade e Producción Vexetal

AGRADECEMENTOS

Agradéceselles aos propietarios das parcelas nas que se levan a cabo os ensaios a súa dedicación e apoio, e aos técnicos a axuda e contribución no desenvolvemento deste traballo (persoal do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal Pedro Murias de Ribadeo, do Servizo de Explotacións Agrarias de Lugo e do Departamento de Investigación e Transferencia do Agacal de Santiago). ■



Distribuidor de Semillas RAGT para Galicia y Asturias

Venta de semillas de maíz, sorgo, girasol, colza, soja, trigo, veza...

**Polígono Lalín 2000
Ciudad del Transporte - nave A3
36500 LALÍN (Po)**

**gilangel@hotmail.es
Tel.: 670 535 636**



NOVEDADES MAÍZ SILO 2021

RGT ELARAXX

RGT HUXXO

RGT EXXEMPLAIR

RGT FARANDOLE

RGT NOEMIXX

RGT MUXXEAL

www.ragt-semillas.es

RAGT Iberica • Crta. Burgos km. 2,1
Apdo de Correos 612 • 34004 Palencia • España
Tel : (34) 979 725 199 • Móvil: (34) 665 720 200 • Fax: (34) 979 711 807

© RAGT Semences